

| omertá |

O corpo tardou os seus segundos en caer ata que resoou, contra o verán e contra todo prognóstico de vida. A nai baixou correndo as escaleiras da casa, sen agardar polo ascensor, como querendo reproducir a mesma caída do patio pero sen caída. Ortogonal. Chanzo tras chanzo.

Fun eu quen tivo que asomarse á fiestra para ver aquilo que, sen zapatillas, se dobraba nas baldosas do patio coma un anxo. Anos despois lin nalgún lugar que os suicidas que elixían a modalidade da fiestra adoitaban quitarse antes as zapatillas. Por que. Preguntábame. Por que as zapatillas e non o reloxo, ou os lentes.

Pero non era esa a pregunta, en realidade.

Os segundos que tardamos en cubrir o traxecto pola escaleira foron convenientemente cancelados da memoria. Sei que non se usou o ascensor, tal e como aconsellan en caso de incendio. Os incendios non só se alimentan de obxectos, casas ou seres vivos. Tamén os tecidos, tamén un cerebro incéndiase a si mesmo ao momento. Do seu trigo queimado renácese.

A través dos refachos de aire, pensábase. Pensábase que. A noite talvez sería fermosa. O ceo de xullo, recén sacrificado. Aquela carne golpeada era amor e era eu mesma. No meu cerebro recén queimado abrollaba a árbore desa carne golpeada, abrollaba a árbore do corazón da nai, a súa hipertensión regaba o sistema. Que hai na masa golpeada dos homes. Que hai.

Se eu vos dixese agora palabras como *bágoas*, como *desesperación* se eu escribise. Había unha chea de xente ante a pastelería. O meu tío dixo: *O mozo fala. Está consciente*. Anunciouno como unha boa noticia. Pero a min contraeume máis aínda: a súa dor habería ser entón consciente, milimetrada. Na familia preexistía esa intachable noción de consciencia. Dous anos antes eu bebera bastante. Nunca perdín a consciencia, xamais me separei de min. *Omozo* estaba consciente. Unha cae na conta de que naquela altura se trataba dun mozo.

Un policía veu falar-me. É tediosa a insistencia en extraer información. No futuro condenarán esa insistencia, ese mal gusto de noticieiro. Seino. Quería mirar detrás dos ollos daquel axente cumprindo o seu traballo, cara á rúa arremuiñada entre os ocos da xente, a nai, os murmurios, as luces de emerxencia.

Había raciocinio no meu pánico. Había unha forma de protexer a unión trala fiestra. Unha fórmula de intimidade dividida polo número de ollos morbosos, de intereses en cru. A ninguén máis que á nai e a min. O resto non compuña nada.

Con todo, resultaba inesperada aquela forma de separación. Aquel *acto individual por excelencia*. O mozo rebolaba libros pola fiestra, voces vociferadas pola fiestra. Por que

non, desde ese punto de vista, sumarse ao conxunto. A espiral do meu ADN levantouse ante min como unha cobra india. Comprendía o acto en si. A súa simetría.

Por suposto que fun a primeira en falar con el e o que me dixo, ao cabo dunhas horas nunha habitación de urxencias, foi algo como pero *eu quérote. Quérovos*. Debía eu interpretar todo aquilo como un acto de amor, como o preludio aparatoso e preciso para desembocar aí, nesa frase con mazaduras e ósos rotos, aínda que en aparencia a frase chegou ben aos meus oídos, completa, sen vacilacións, cumpriu co seu cometido no aire acougado a base de calmantes. Debía eu interpretar todo aquilo como o que era: unha chamada de atención desesperada, insensata. Só unha chamada de atención exercida coa forza bruta sobre o propio corpo.

O meu tío realizou unha chamada para que non se mencionase nada na prensa do día seguinte. Nada de suicidios. Nada de intentos. Eu pedinllo, expresamente. *Iría con iniciais. É que non queremos nada, nin sequera con iniciais*. Algún día condenarase todo iso. Esa modalidade de información. Seino.

Non acerto a explicar por que sucede cos tempos verbais. A súa capacidade de aflixir, moito maior que a dun adxectivo ou un adverbio. *Irei ou non irei. Fun ou non fun. Suporía. Finxirían. Durase*. Tardaron moito en adaptarse a min. A curva de ría que a familia da miña nai polo visto cruzaba a nado anos atrás: a fiestra da habitación do hospital expúña a como un cartel de vacacións. Durmimos alí. Mamá e eu.

Envolvémonos na vida. Quixemos devolverlla a el, como a un dormente nun conto, neses contos sen piedade co hálito xeadado da pegada adulta. Era un mozo entón, só un mozo, un mozo, e eu podería escribir, como os poetas. Podería dicir que era belo entón. Durmido entón. E esperto á fin.

Non estiven presente o día da operación do fémur, pero sei que pedi cocacola ao espertar. Xamais bebiamos cocacola. Odiábase a cocacola. Boicoteábase, un boicot humilde e insignificante. Tomei aquela petición como un desafío á normalidade, como unha vivencia experimentada por el como unha estancia nun balneario ou nun hotel tras gañar un premio absurdo, cando aproveitamos para comprámonos chapeus que xamais nos compraríamos, para pedir pratos que xamais nos comeríamos. A anestesia provoca sede, sabémolo aínda que nunca nos anestesiaron. De novo, a cobra de ADN baila ante min. Sei o que se sente na miña especie. Podo rememorar a sede que nunca tiven.

Había un fémur roto que se soldou con parafusos.

Había muletas e, máis tarde, un bastón no paragüeiro da casa. Aquel bastón deulle un porte aristocrático uns meses. Aos trinta con bastón xa se é maldito abondo, pano granate ao pescozo.

Había a *omertá* familiar, como unha cousa viva que donicelaba de silencio en silencio.

As razóns dun intento de suicidio desdebúxanse co tempo. O feito de que se tratou dun *intento* axuda a esborrachalas. Os propios interesados esquecen. Sobrevivir, nunha pirueta do destino, a algo pouco probable dilúe calquera ansia de ver morte. Cinco pisos abaixo. Puido saír mal.

Había a súa supervivencia, como alcanzar o outro lado da ría entre gritos de victoria. Había un grito unánime de curmáns da infancia que non o visitaron. Todo iso percute nunha saba de hospital coma se a saba fose óso. Había un primo que había, que sobrevivía, de costas a todos.

Eu deille as grazas ao deus dos meus sete anos, ao que logo desapareceu aos meus nove.

Sei que non contei o que quería nun principio: máis profusión de detalles, as drogas exactas durante a hospitalización, o relato da cascuda que unha noite rubiu pola súa perna, o contrapeso da ferida, a calor pegañenta das noites, a falta de vontade para rehabilitarse, cada noticia analizada en todas e cada unha das súas implicaturas semánticas, o compañeiro de habitación, un home xa maior, e as cortiñas que botaron unha mañá ao redor da súa cama, todos eses detalles que pertencen tan só a tres cerebros no universo e axiña a ningún. Por non deixalos por escrito. Por non profundar na ferida ao cromosoma: ao xene que nos morde nos nosos saltos ao baleiro. No seu silencio de parede.

Sei que non son unha boa irmá por contar isto. E deste xeito. Contar é a sanción que nos impón o tempo. A víscera do amor, escalazada, como se pode.

Río
2012